

ACTA

**Sesión Extraordinaria 14/2018 celebrada polo
Pleno do Concello o día 18 de decembro de 2018**

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI**
- 2. Recoñecemento extraxudicial de créditos VIII**
- 3. Aumento do límite das gratificacións VIII**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, e sendo as oito horas e trinta minutos do 18 de decembro de 2018 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María del Carmen Amoedo Dasilva
María José Barciela Barros
Jesús Crespo López
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros
María Teresa París Blanco
Julio César Mougán Vázquez

GPM PSEO

Mauro Álvarez Castro
Ana Isabel Rey Gómez
Eduardo José Reguera Ocampo
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez
Isaac Borja Araújo Figueroa

GPM AER

Noé Cano Correa

Juan Roberto Darriba Ferradás

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

- 1) Non asiste a concelleira Ángela Antón Pazos do Partido Popular, nin os concelleiros Xosé Covelo Míguez e Javier Bastos Devesa da grupo municipal AER.
- 2) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

1. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 10/12/2018 que di:

“Asunto: Expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles do Concello de Redondela.

O CONCELLO Pleno, en sesión realizada o día 27 de setembro de 2018, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles do Concello de Redondela.

Rematado o período de exposición pública, trala publicación do anuncio no BOP, o día 8 de outubro, e nun diario, o día 9 de outubro, presentáronse as alegacións que posteriormente se relaciona.

Informadas pola Secretaría e a Intervención municipal en informe de 10 de decembro de 2018.

- **Reclamación de Don Anxo Lusquiños López, coma representante local do bloque nacionalista galego de Redondela, con rexistro de entrada no Concello de Redondela de 8 de novembro con número 2018-E-RC-14827:** debe desestimarse segundo o devandito informe en base os seguintes razoamentos:

En primeiro lugar, produciuse a adecuación ó procedemento establecido para a modificación da ordenanza.

En segundo lugar, a modificación refírese a un aspecto da ordenanza fiscal que non é obxecto da modificación aprobada inicialmente.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada por Don Anxo Lusquiños López.

SEGUNDO.- A aprobación definitiva da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles no Concello de Redondela e que suporá a inclusión dun novo punto no artigo segundo da ordenanza. Así:

Onde agora o apartado primeiro do artigo 2 di:

“1. O tipo de gravame do IBI queda fixado:

- No 0,40 por cento para os bens de natureza urbana.*
- No 0,30 por cento para os bens de natureza rústica.*
- No 1,10 por cento para os bens de características especiais.”*

Proponse a súa modificación nos seguintes termos:

“1. O tipo de gravame do IBI queda fixado:

- No 0,40 por cento para os bens de natureza urbana.*
- No 0,30 por cento para os bens de natureza rústica.*
- No 1,10 por cento para os seguintes bens de características especiais:*
 - Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo, e ás centrais nucleares.*
 - As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, agás as destinadas exclusivamente ao rego.*
 - Os aeroportos e portos comerciais.*
 - No 1,30 por cento para os seguintes bens de características especiais:*
 - As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.”*

Tamén se modificará a “Aprobación e Vixencia” no final da Ordenanza. Así onde di:

“A presente modificación da ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 9 de marzo de 2018 e, ao non ser presentadas alegacións, o acordo quedou elevado automaticamente a definitivo. Comezarase a aplicar o día 1 de xaneiro de 2019 e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

Proponse a súa modificación nos seguintes termos:

“A presente modificación da ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día de de 2018. Comezarase a aplicar o día 1 de xaneiro de 2019 e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación da modificación das ordenanzas aprobadas definitivamente de acordo co artigo 17 do RDLex 2/2004.”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: propoñemos a desestimación da reclamación que presentou o BNG porque a mesma non fai referencia ao aprobado inicialmente senón a que se inclúa nun apartado determinado no tipo impositivo de 1,30% a Portos e Aeroportos. O informe conxunto emitido por secretaría e intervención di que non é neste momento no que se debe facer esta inclusión, senón no trámite inicial de aprobación da ordenanza. Se propón desestimación da reclamación e aprobación definitiva da ordenanza.

Sr. Fojo: cando falamos da AP9 falamos dunha das máis caras de España, trátase da explotación dun ben público estratéxico para Galicia, cun 50% de beneficio para AUDASA, que reparte os seus beneficios entre todos accionistas e dá un pésimo servizo aos usuarios e estafa aos galegos. A actual xestión por AUDASA responde intereses alleos a Galicia. Cada vez existe un maior consenso para recuperar a súa xestión. Pensamos que este imposto tamén é unha actuación que fai xustiza. En Marea xa propuña esta iniciativa. Só nos queda pena de que non se lle aplique a todas as grandes empresas de Redondela. Cremos que a reclamación feita polo BNG sería de apoiar.

Sr. González (BNG): creo que se debería aclarar que se votara. Só a reclamación do BNG ou toda a modificación da ordenanza?

Alcalde: se votarán dúas cousas: a túa reclamación e a aprobación definitiva.

Sr. González (BNG): Fomento deixou de estar controlada polo PP e a estratexia pasou a ser buscar todo o que non se fixo en anos anteriores. Todo o que se lle cargue a AUDASA estamos encantados pero hai que buscarlle cordura a todo isto. Xa dixemos en Pleno que un dos fins da fiscalidade é repartir os beneficios entre a sociedade, polo tanto o que propoñemos é en beneficio para as veciñas e veciños de Redondela. O que se aprobou en pleno era aumentar a 1,30% a AUDASA pero non se tocaba PORTOS E AEROPORTOS, quedando no 1,10%. Tamén se abría a posibilidade dun mes de exposición pública con alegacións, porén se argumenta agora que en función dos intereses que cada quen debe defender, debe denegarse a reclamación. Se admitimos a alegación suporían arredor de 60.000 euros máis ao ano para o Concello. Apoiámos

a proposta no seu momento porque había unha segunda parte que era presentar unha reclamación para acabar de darlle forma á ordenanza.

Sr. Darriba: estamos diante dunha reclamación á ordenanza, temos o informe conxunto dos técnicos municipais. Non se propón unha modificación do tipo senón incluír a outros grupos que non estaban incluídos. O informe advirte da indefensión que se lle pode ocasionar ás empresas afectadas coa posibilidade de que inicien as reclamacións presentadas. Pola nosa parte queremos un punto que sexa a modificación da ordenanza para darlle forma, e tamén solicitar informes técnicos respecto de AENA e PORTOS. O máis acaído sería un proceso de modificación completa da ordenanza.

Sr. Cabaleiro (PSOE): xustificamos a nosa ausencia na comisión informativa por cuestións persoais, pero fomos ó despacho do interventor para que nos explicase. En canto á AP9 podemos facer un relatorio. Nós queriamos ir máis alá coa modificación da ordenanza e subirlle a todos. O que se fai agora é unha propaganda máis do PP. A contía económica de 1.080 euros non é o que nos incrementará as arcas do Concello. Agora estamos nunha rateira, os informes din que podemos estar nunha indefensión en caso se aprobase a alegación do BNG. Por 1.080 euros vainos custar máis asistir a xuízos. Estamos no punto de que hai que reformar a ordenanza ao completo. Estaríamos dispostos a levar a cabo unha reforma completa da ordenanza fiscal.

Sra. Amoedo: sr. González vostede non sabe no tempo no que está. Na comisión de setembro podían plantexar a proposta e non o fixeron. Estamos na proposta de denegación basicamente porque o sr. González non fixo ben o seu traballo en setembro, tampouco o fixo o PSOE. É oportunismo político. O sr. González inventou esta reclamación para ter un titular e dicir que son os que máis defenden a Redondela. Sr. Cabaleiro non pode darnos leccións porque xa deixaron claro que defenden ao Ministerio de Fomento, a Audasa e á subdelegada. Continuaremos coa presión para suprimir a peaxe. Sr. González o informe xa di que non fai ningunha consideración respecto á modificación do tipo.

Sr. González (BNG): isto é o cinismo político do PP que durante 4 anos estivo calados e agora queren modificar a ordenanza. O alcalde de Redondela andou de delegado do Porto de Vigo respecto dunha empresas que vai ampliarse nos terreos da Autoridade Portuaria. En canto á oportunidade xa dixemos que houbo intentos de modificar a ordenanza e abrir un proceso de participación pública pero o PP negouse. Non entendemos as prudencias respecto das posibles reclamacións de Portos e Aeroportos, é un tema menor. Supón ingresar case 60.000 euros, ben xestionados dá para bastante. Dende a nosa perspectiva non compartimos os informes dos técnicos municipais pero tamén recollen que reclamación está perfectamente formulada.

Alcalde: a modificación vai a todas as empresas que están en terreos por concesión administrativa da autoridade portuaria, por iso si que require un procedemento normativizado. As reclamacións serán de cada unha das empresas que están ubicadas no terreo de Redondela. Serían moitos contenciosos.

Sr. Darriba: nós si que presentamos a proposta de modificación na comisión e tamén emenda en Pleno e non se fixo caso. A reclamación cumpre os requisitos legais pero iso non quere dicir que sexa a máis indicada, non vai sobre a modificación do que se fixo. O mellor é solicitar un pleno extraordinario e levalo polo camiño indicado de modificar a ordenanza.

Sr. Cabaleiro: a palabra demagogia sra. Amoedo é o único que sabe dicir. Vostede non di todo, dixen no anterior pleno que estabamos dispostos a estudalo e levalo incluso ós nosos servizos

xurídicos. Xa dixemos que incluso teríamos que ver se podía estenderse a todos os organismos afectados. Atendemos ás observacións dos servizos xurídicos do Concello, me gustaría abrir a porta a que esta ordenanza fiscal sexa tratada na súa totalidade. Vostedes cando gobernaron non fixeron nada.

Sra. Amoedo: vostedes cando gobernan fan unha cousa e cando están no oposición a contraria. Din que hai que facer unha modificación global, este goberno xa o fixo. O seu problema básico é que propoñen unha candidata a alcaldía que antepón os intereses do seu partido ós dos cidadáns. Fixemos manifestacións en contra do Ministerio de Fomento.

Alcalde: primeiro votamos a alegación, é dicir o punto primeiro da proposta de acordo.

VOTACIÓN E ACORDO:

VOTACIÓN DO PRIMEIRO PUNTO DO ACORDO:

“PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada por Don Anxo Lusquiños López.”

Sometido o Primeiro Punto do Acordo a votación, segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 08 votos a favor do PP, 1 voto en contra do BNG e e 09 abstencións (06 do PSdeG-PSOE, 2 de AER e 1 do concelleiro non adscrito)

VOTACIÓN DO SEGUNDO E TERCEIRO PUNTO DO ACORDO:

“SEGUNDO.- A aprobación definitiva da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles no Concello de Redondela e que suporá a inclusión dun novo punto no artigo segundo da ordenanza. Así:

Onde agora o apartado primeiro do artigo 2 di:

“1. O tipo de gravame do IBI queda fixado:

- No 0,40 por cento para os bens de natureza urbana.*
- No 0,30 por cento para os bens de natureza rústica.*
- No 1,10 por cento para os bens de características especiais.”*

Proponse a súa modificación nos seguintes termos:

“1. O tipo de gravame do IBI queda fixado:

- No 0,40 por cento para os bens de natureza urbana.*
- No 0,30 por cento para os bens de natureza rústica.*
- No 1,10 por cento para os seguintes bens de características especiais:*
 - Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo, e ás centrais nucleares.*
 - As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, agás as destinadas exclusivamente ao rego.*
 - Os aeroportos e portos comerciais.*
- No 1,30 por cento para os seguintes bens de características especiais:*

- As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.”

Tamén se modificará a “Aprobación e Vixencia” no final da Ordenanza. Así onde di:

“A presente modificación da ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 9 de marzo de 2018 e, ao non ser presentadas alegacións, o acordo quedou elevado automaticamente a definitivo. Comezarase a aplicar o día 1 de xaneiro de 2019 e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

Proponse a súa modificación nos seguintes termos:

“A presente modificación da ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día de de 2018. Comezarase a aplicar o día 1 de xaneiro de 2019 e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

TERCEIRO.- *Que se proceda á publicación da modificación das ordenanzas aprobadas definitivamente de acordo co artigo 17 do RDLex 2/2004.”*

Sometido o Segundo e Terceiro Punto do Acordo a votación, segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 15 votos a favor (08 do PP, 06 do PSdeG-PSOE e 1 do concelleiro non adscrito) e e 03 abstencións (2 de AER e 1 do BNG).

2. Recoñecemento extraxudicial de créditos VIII

ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 13/12/2018 que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 10 de decembro de 2018, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 10.797,29 euros distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2018:

NOME TERCEIRO	Nro. Fact.	Data Fact.	IMPORTE	Aplicación orzamentaria
FCC AQUALIA, S.A.	Factura eléctrica FE17321240692463	10/08/2017	3.635,99 €	3421C.4720000
FCC AQUALIA, S.A.	Factura eléctrica FE17321244304343	21/09/2017	3.458,48 €	3421C.4720000
FCC AQUALIA, S.A.	Factura eléctrica FE17321245815684	10/10/2017	3.702,82 €	3421C.4720000
TOTAL			10.797,29 €	

”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: son 3 facturas de Aqualia do 2017 e séguese o procedemento para facer o pago.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 17 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 2 de AER e 1 do concelleiro non adscrito) e 1 abstención do BNG.

3. Aumento do límite das gratificacións VIII

ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 13/12/2018 que di:

“Asunto: aumento da contía global da gratificación extraordinaria VIII

A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar deste mes.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-10.12.18.8 de 10 de decembro que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 74.455,94 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: temos que traelo a pleno para poder facer os pagos.

Sr. González (BNG): a mala planificación e xestión do equipo de goberno fai que se teñan que traer recorrentemente a Pleno.

Sr. Darriba: votaremos que non, os traballadores teñen a opción en vez de cobrar ter descanso. Me gustaría saber se existía sinatura do xefe de servizo no tema das horas de policía local do mes pasado e este mes.

Sr. Cabaleiro: outro mes máis e estamos coas horas extras dos traballadores, están superando o réCORDS das horas extras. Mala xestión do PP.

Sra. Amoedo: son gastos de horas extras que se pagarán á xente por traballo feito. Dicitlle ó sr. Darriba que dentro do expediente de persoal aparecen eses documentos asinados polos xefes de servizo, na comisión se pediu ós funcionarios que relacionasen ese expediente para que puidesen ter acceso.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 08 votos a favor do PP, 02 votos en contra de AER e 08 abstencións (06 do PSdeG-PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e quince minutos do día indicado no encabezado, o Alcalde dá por rematada a sesión do pleno municipal, da que se redacta acta e da que, coma secretario dou fe.